



## **ANEXO IV.- BASES ESPECÍFICAS PARA POSTOS DE TRABAJO NA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL.**

### **1.- Relación xurídica co concello:**

Personal laboral temporal, Grupo de cotización e salario bruto mensual dependerá das funcións que vaia a desempeñar. As vacacións correspondentes que non se podan disfrutar abonaránse ó final do contrato.

### **2.- Horario e condicións do posto de traballo:**

Tanto o horario de traballo como os traballos concretos a desempeñar indicáraselle polo responsable do departamento de persoal segundo as necesidades dos servizos. De todas formas o horario podería ser a xornada partida ou de tarde, sempre respectando a normativa laboral aplicable.

### **3.- Titulación requirida:**

Poderán presentar a súa solicitude as persoas que conten con algunha destas titulacións:

- Licenciado/a en pedagogía ou psicopedagogía ou equivalente.
- Maestro/a especialista en educación infantil ou equivalente.
- Técnico superior en educación infantil ou equivalente.
- Técnico en atención socio-sanitaria
- Técnico superior en animación sociocultural
- Técnico en cuidados auxiliares de enfermería
- Diplomado/a en puericultura, reconecido pola Consellería de Sanidade

### **4.- Requisitos específicos:**

Deberá contar co carnet de manipulador de alimentos.

### **5.- Baremo do concurso:**

#### **a) EXPERIENCIA PROFESIONAL:**

- Experiencia laboral en Escolas Infantil xestionadas directamente por concellos ou por outras administración públicas: 0,25 puntos por mes traballado ata un máximo de 6 puntos.
- Experiencia laboral directamente relacionada co coidado ou educación infantil en empresas privadas ou públicas: 0,25 puntos por mes traballado ata un máximo de 3 puntos.



A experiencia profesional acreditarase mediante o correspondente contrato laboral acompañado da vida laboral, ou ben cun certificado de empresa onde consten todos os datos necesarios para realizar esta valoración.

## b) FORMACIÓN:

- Por cursos relacionados co posto de traballo. Máximo 2 puntos. 0,5 puntos por curso realizado.

Acreditaranse cos correspondentes diplomas oficiais.

## c) COÑECEMENTO DO GALEGO:

- Contar co CELGA 1 ou equivalente: 0,5 puntos
- Contar co CELGA 2 ou equivalente: 1 puntos
- Contar co CELGA 3 ou equivalente: 2 puntos
- Contar co CELGA 4 ou equivalente: 3 puntos

De contar con varios certificados únicamente se valorará o de maior puntuación.

## 6.- Chamamentos

No momento de realizar os chamamentos, e dependendo do posto de traballo a cubrir, realizarase o chamamento a aquelas persoas que teñan a titulación axeitada polo seu orde na lista.